

## CONVOCATORIA E BASES DAS PROBAS PARA AMPLIAR A LISTAXE DE CONTRATACIÓN NA CATEGORÍA DE AXUDANTE DE REALIZACIÓN

---

### 1. OBXECTO

---

Ampliar en 3 persoas a listaxe de contratación temporal para cubrir as necesidades existentes na categoría.

### 2. PUBLICIDADE

---

A convocatoria, listaxes e o calendario de celebración das probas publicaranse na páxina web da CRTVG ([www.crtvg.gal](http://www.crtvg.gal)), nomeadamente en <https://www.crtvg.gal/ofertas-de-emprego>, medio polo que se xestionarán todas as comunicacións relacionadas co desenvolvemento do proceso selectivo.

O anterior, sen prexuízo da publicación noutros medios coa finalidade de dar publicidade á convocatoria.

### 3. CATEGORÍA LABORAL

---

A categoría engloba ás persoas que posúen as características ou desenvolven as funcións e poidan asumir as tarefas ou as responsabilidades que se especifican a continuación:

Ten demostrada capacidade e coñecementos suficientes de realización audiovisual. Axuda ao realizador/a na elaboración dos programas, ben sexan filmados, gravados ou en directo.

Ten coñecementos técnicos, artísticos e operativos dos medios e recursos que afectan directamente á realización de programas.

Executa calquera función que se lle asigne, sempre dentro da súa categoría.

Mestura as diversas fontes de imaxe e axuda no plató comunicando ordes e previndo a continuidade do programa.

Executa todo tipo de minutos, desagregación de guións, concreción do programa de traballo, asistencia aos ensaios e axuda na posta en escena. No caso de ausencia de realizador/a, pode substituír nas súas funcións.

### 4. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

---

Para poder presentarse ao proceso de selección, será obrigatorio o cumprimento dos seguintes requisitos á fin do prazo de presentación de solicitudes:

#### 4.1. Requisitos xerais:

##### 4.1.1. Ter cumprido 16 anos de idade.

4.1.2. Ser nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou dalgún estado ao que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois, dos nacionais dalgún dos estados membros da Unión Europea, cando así o prevea o correspondente tratado, e dos nacionais dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito, así como aos seus descendentes e aos do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade que vivan ás súas expensas.

Así mesmo, poderán participar os estranxeiros con residencia legal en España en igualdade de condicións que os españois.

4.1.3. Posuír capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.

4.1.4. Non ter sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas nin encontrarse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trata de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía.

No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

4.2. Requisitos específicos:

Estar en posesión da titulación do **Ciclo Superior de Realización de Proxectos Audiovisuais e espectáculos** ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán estar en posesión da credencial que xustifique a súa homologación na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

## 5. TRIBUNAL

---

5.1. O tribunal estará formado polas seguintes persoas:

- Agustín Deus Sixto (subdirector de Medios da CRTVG), presidente.
- Ángeles Balsa Pérez (realizadora da CRTVG), vogal.
- Ramón Novo Folgueira (asesor lingüístico da CRTVG), vogal.
- Mercedes Blasco Zas (xefa do servizo de Formación e Selección), secretaria.

5.2. O desenvolvemento do proceso realizarase consonte as principios de igualdade, mérito e capacidade, publicidade, concorrência competitiva, transparencia e deberase garantir o segredo das probas.

5.3. Os membros do órgano de selección asinarán unha declaración de non atoparse incursos en ningún dos motivos de abstención previstos no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do sector público. Se á vista das listaxes de participantes observasen que concorren neles algúns dos citados motivos deberán absterse de participar e notificaranllo ao órgano que convoca.

5.4. Adoptaranse os medios necesarios para que as persoas aspirantes cunha discapacidade igual ou superior ao 33%, que precisen adaptacións, poidan desenvolver as probas en condicións de igualdade.

5.5. A persoa coa condición de lingüista encargarse de cualificar en exclusividade a proba de galego. O resto das persoas que compoñen o tribunal encargaranse da elaboración e puntuación do resto das probas, con excepción da persoa que ostente a secretaría, que non elaborará as probas nin as puntuará.

5.6. O tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de persoas coa condición de asesoras especialistas para todas o algunha das probas, que se limitarán ao exercicio exclusivo das súas especialidades técnicas, polas que colaborarán co órgano de selección. Deberán absterse de participar cando concorran as circunstancias previstas no art. 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do sector público e notificaranllo ao órgano que convoca.

## 6. PROCEDEMENTO DE INSCRICIÓN E LISTAXES DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS

---

6.1. As persoas aspirantes deberán enviar por correo electrónico ao enderezo [proceso.seleccion@crtvg.gal](mailto:proceso.seleccion@crtvg.gal) unha solicitude, segundo modelo do anexo I, e a documentación que se indica a continuación:

6.1.1. Curriculum vitae.

6.1.2. Fotocopia do DNI.

6.1.3. Acreditación do requisito académico solicitado onde conste a nota media do expediente (certificado do título ou similar).

6.1.4. As persoas aspirantes cun grao de discapacidade acreditada igual ou superior ao 33%, deberán facer constar no anexo I se precisan de adaptación de tempo e/ou medios para a realización da proba e achegar o certificado da discapacidade onde conste o grao.

6.2. O prazo de recepción de solicitudes remata o **31 de marzo**.

6.3. As persoas solicitantes que non achegaran a documentación requirida quedarán excluídas do proceso

6.4. O tribunal publicará na páxina web de CRTVG a listaxe provisional de persoas admitidas entre as aspirantes que cumpran todos os requisitos e presenten toda a documentación e seleccionará os quince (15) expedientes con maior nota media. Contra estas listaxes provisionais de persoas admitidas e excluídas poderanse presentar alegacións no prazo de cinco (5) días naturais, a contar desde a publicación das listaxes.

As alegacións serán enviadas ao enderezo electrónico [proceso.seleccion@crtvg.gal](mailto:proceso.seleccion@crtvg.gal). O tribunal resolverá as alegacións presentadas no prazo máximo de cinco (5) días naturais, e publicará a continuación a listaxe definitiva de persoas admitidas na páxina web de CRTVG. Xunto coa listaxe definitiva publicarase a relación de persoas exentas de realizar a proba de coñecemento de lingua galega por ter acreditado estar en posesión do Gelga correspondente.

## 7. REALIZACIÓN DAS PROBAS

---

7.1. Poderanse presentar ás probas as persoas que figuren na listaxe definitiva de persoas admitidas.

Todos os exercicios realizaranse o día **10 de abril** na sede da CRTVG en San Marcos (Santiago de Compostela), ás 9.30 h.

As persoas aspirantes deberán estar a esta hora na entrada das instalacións da CRTVG e presentar o DNI ou outro documento acreditativo da súa identidade.

7.2. A valoración de coñecementos farase a través de:

7.2.1. Proba teórico-práctica de coñecementos específicos:

- Proba teórica tipo test de coñecementos específicos (30%)  
Sen penalización por pregunta mal contestada.
- Proba práctica con equipos do medio audiovisual (70%)

Na proba teórica/práctica de coñecementos específicos entrarán as seguintes materias:

- Coñecementos básicos de televisión
- Linguaxe e narrativa audiovisual
- Teoría e técnica da realización
- Teoría e técnica da montaxe
- Procesos e medios técnicos en televisión
- Funcións e competencias do axudante de realización en televisión

Para acceder á praza convocada é necesario superar unha nota media entre todas as probas de cinco (5) sobre dez (10).

#### 7.2.2. Proba tipo test de coñecemento de lingua galega

Os/as aspirantes que acrediten a posesión do certificado Celga 3 non terán que realizar a proba de coñecemento de lingua galega. Esta proba terá un grao de dificultade consonte ao programa do certificado Celga 3, e as súas cualificacións serán unicamente de apto ou de non apto. Para ter cualificación de apto os/as aspirantes deberán obter unha puntuación mínima de 5 puntos sobre 10. A cualificación de non apto significará a exclusión do proceso.

Se se dese o caso, a posesión do certificado Celga 3 (con data non posterior á de finalización do prazo de inscrición a este proceso) prevalecerá sobre o resultado obtido na proba.

A non superación da proba de lingua galega significará a eliminación do proceso.

### 8. RESULTADO DAS PROBAS REALIZADAS

---

O tribunal publicará a listaxe de puntuacións provisionais das probas teórica e práctica na páxina web de CRTVG ([www.crtvg.gal](http://www.crtvg.gal)), <https://www.crtvg.gal/ofertas-de-emprego>.

As persoas aspirantes poderán presentar alegacións contra cada un deses resultados provisionais no prazo de cinco (5) días naturais desde a súa publicación. As alegacións enviaranse ao enderezo electrónico [proceso.seleccion@crtvg.gal](mailto:proceso.seleccion@crtvg.gal). O tribunal resolverá as alegacións presentadas nun prazo máximo de cinco (5) días naturais e publicará a continuación a listaxe definitiva de puntuacións.

### 9. CRITERIOS DE PRELACIÓN PARA RESOLVER EMPATES

---

Para os efectos de confeccionar a listaxe definitiva de aprobados no suposto de que se produza un empate entre dúas ou máis persoas aspirantes, a orde de prelación virá dada pola aplicación dos seguintes criterios de desempate:

- 1º. Aspirante de sexo feminino, cando na categoría se dean as condicións de infrarrepresentación previstas na Lei 7/2004 galega para a igualdade de mulleres e homes.
- 2º. Aspirante que tivese maior puntuación no exercicio práctico.
- 3º. Aspirante que tivese maior puntuación no exercicio teórico.
- 4º. Aspirante de maior idade.
- 5º. Aspirante elixido por sorteo, para o caso de persistir o empate.

## 10. RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA

---

10.1 O tribunal publicará na páxina web de CRTVG a listaxe provisional de persoas aprobadas, contra a que se poderán presentar alegacións no prazo de cinco (5) días naturais, a contar desde a publicación das listaxes.

10.2. O tribunal resolverá as alegacións presentadas nun prazo máximo de cinco días desde a finalización do prazo de presentación de alegacións e publicará a continuación a listaxe definitiva de puntuacións, especificando as persoas que superaron a convocatoria, que non poderá superar o número de aspirantes nos que se pretende ampliar a listaxe.

10.3. As persoas que superen o proceso de selección serán automaticamente incluídos na listaxe de contratación temporal correspondente á categoría convocada, segundo as seguintes disposicións:

10.3.1. A ampliación de listaxe de contratación ao abeiro desta convocatoria será válida aos efectos de cubrir as necesidades de contratación temporal da CRTVG na categoría indicada, sen que xeren efecto ningún na adquisición de indefinición ou fixeza laboral.

10.3.2. As persoas que superasen o proceso, sen exceder do número máximo que figure na convocatoria, incluíranse na listaxe pola orde acadada e sempre a continuación da última persoa que figure na listaxe derivada das OPE celebradas; estas persoas manterán o seu posto na listaxe.

10.3.3. Esta listaxe será de aplicación para as contratacións temporais realizadas a través deste procedemento e terá vixencia ata a resolución de novas Ofertas Públicas de Emprego.

10.4. As persoas seleccionadas deberán posuír a capacidade funcional necesaria para o desempeño das funcións que se derivan do correspondente contrato laboral. Só para estes efectos, a Corporación RTVG poderá esixir ás persoas aspirantes seleccionadas que se sometan ao recoñecemento médico realizado polo servizo médico da empresa.

No caso de que o/a aspirante seleccionado/a non acredite contar con estes requisitos declinarase a proposta a favor do/a seguinte con maior puntuación.

## 11. PROTECCIÓN DE DATOS

---

Os datos facilitados polas persoas aspirantes serán tratados pola Corporación Radio e Televisión de Galicia SA (Corporación RTVG), entidade prestadora do servizo de comunicación audiovisual de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, con domicilio social en Bando, San Marcos, s/n, Santiago de Compostela.

Os datos persoais facilitados no currículo e aqueles outros que se faciliten durante o proceso de selección serán tratados co fin de valorar e xestionar as solicitudes de emprego e, se é o caso, levar a cabo as actuacións necesarias para a selección e contratación de persoal e, agás que a persoa interesada indique a súa vontade en contra, serán conservados o mesmo tempo no que se manteñan en vigor as listas de contratación cos fins indicados, polo que será responsabilidade das persoas interesadas mantelos actualizados, xa que serán utilizados para comunicar as futuras vacantes que se axusten ao perfil e poidan resultar do interese das persoas aspirantes.

As persoas aspirantes daráselles unha folla de consentimento voluntario de tratamento de datos, informándolles de que os datos das persoas interesadas serán tratados sobre a base do seu consentimento, que pode retirar en calquera momento, suposto no que a súa candidatura poderá non ser tida en conta nos procesos de selección de persoal da CRTVG. No caso de retirar o seu consentimento, iso non afectará á licitude dos tratamentos efectuados con anterioridade.

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2024



Víctor Tubío Villar  
Director de Recursos Humanos  
Corporación Radio e Televisión de Galicia, SA

**CRTVG** CORPORATION  
RADIO E TELEVISIÓN  
DE GALICIA  
Recursos Humanos

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO AMPLIACIÓN  
LISTAXES DE CONTRATACIÓN DA CATEGORÍA DE AXUDANTE DE REALIZACIÓN

**ANEXO I**

|                    |  |
|--------------------|--|
| Nome e apelidos    |  |
| Nº DNI, NIE...     |  |
| Enderezo           |  |
| Correo electrónico |  |
| Teléfono           |  |

|                                 |  |
|---------------------------------|--|
| Grao de discapacidade           |  |
| Adaptación de tempo e/ou medios |  |

| DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA |                                                              |
|--------------------------|--------------------------------------------------------------|
|                          | Curriculum vitae                                             |
|                          | Fotocopia DNI                                                |
|                          | Acreditación da titulación                                   |
|                          | Certificado de discapacidade                                 |
|                          | Certificado de estar en posesión do nivel do Celga requirido |

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_

Asdo: \_\_\_\_\_